

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 25/3005

Feitos

Con datas do 15 e 16 de abril do 2025, este servizo de Persoal Docente e Investigador recibe comunicación de que os seguintes membros da comisión de selección da praza 25/3005, de profesor/a axudante doutor/a do departamento de Enxeñaría Naval e Industrial (convocada por Resolución reitoral do 29 de xaneiro do 2025), incorren en conflito de intereses, dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos, cunha das persoas candidatas:

Carral Couce, Luis Manuel: presidente titular

Fariñas Alvariño, Pablo: secretario suplente

Ademais, a profesora María Mercedes Coro Fernández Feal, presidenta suplente, comunica que se atopa en causas de abstención das establecidas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Consideracións legais e técnicas

O apartado 6.12 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024, establece que os membros das comisións deberán renunciar a formar parte da comisión cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no dito apartado, con algunha das persoas candidatas. No presente caso a causa alegada xustifica a substitución das presidencias titular e suplente e da secretaría suplente.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo co indicado, dispón as seguintes substitucións, para a comisión da praza indicada:

Presidencia titular: substitúese a Luis Manuel Carral Couce por Marcos Míguez González, proposto polo departamento con data do 24 de abril de 2025.

Presidencia suplente: substitúese a María Mercedes Coro Fernández Feal por Vicente Díaz Casás, proposto polo departamento con data do 24 de abril de 2025.

Secretaría suplente: substitúese a Pablo Fariñas Alvariño por Alicia Munín Doce, proposta polo departamento con data do 24 de abril de 2025.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)
A vicerreitora de Profesorado
María Teresa López Fernández